

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

## Irisarri anima os rapaces reunidos en Correlingua a empregar o galego durante os 365 días do ano

Ferrol, 08/05/2008

O alcalde, Vicente Irisarri, e a concelleira de Educación, Mercedes Carbajales, desprazáronse onte pola mañá ata o recinto feiral para apoiar unha nova edición do Correlingua. Eles foron os encargados de dar a benvida aos nenos e nenas que, arremuiñados preto do escenario, agardaban a que comezase o espectáculo lúdico-musical. Antes, percorreran o paseo marítimo da Malata nunha carreira non competitiva na que portaban pancartas a favor da lingua de Castelao.

Irisarri quixo animar os rapaces e rapazas a empregar o idioma galego «os 365 días do ano» en todos os aspectos da súa vida cotiá.

A actividade, que convocaba a centos de alumnos e alumnas dos centros de ensino de Ferrol e bisbarra dos niveis de Infantil e Primaria, comezaba no día de antonte na Coruña e tras visitar onte Ferrol rematará a súa andaina en Ourense, precisamente na xornada previa á celebración do Día das Letras Galegas.

Concibido como unha proposta de carácter lúdico-educativo que pretende convidar a mocidade e os centros de ensino a participar nun acto público de fomento da lingua galega, o Correlingua pretende tamén, segundo os seus organizadores, que os nenos poidan exercer como galegos e galegas a través do uso do idioma.

<http://www.xornalgalicia.com/index.php?name=News&file=article&sid=31270>

(adaptación)



- 1 A que tipo de público se dirixe o Correlingua?  
.....
- 2 En que cidades galegas se celebrou xa?  
.....
- 3 O alcalde dunha desas cidades animou os rapaces e as rapazas a .....  
.....
- 4 Que fixeron os nenos antes de empezar o Correlingua?  
.....
- 5 Cal é a «lingua de Castelao»? .....
- 6 Que é un «espectáculo lúdico-musical»? Subliña a resposta que consideres correcta:  
a) Unha representación teatral.                      c) Un espectáculo con xogos e música.  
b) Un concerto de música clásica.                      d) Unha ópera.
- 7 Escribe outro titular adecuado para a noticia.  
.....
- 8 Busca información sobre Castelao (por exemplo, en <http://gl.wikipedia.org/wiki/Castelao>) e rodea a opción ou opcións correctas:
- a) Na súa vida desenvolveu as seguintes actividades:  
escultor                      avogado                      político                      cociñeiro  
profesor                      caricaturista                      médico                      escritor
- b) Foi o director artístico da revista...  
*Galicia Hoxe      Irmandades da Fala      Nós      A Nosa Terra*
- c) Expresou o seu pensamento político na obra...  
*Cousas      Sempre en Galiza      Os dous de sempre      Retrincos*

